



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

X. BASES CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL LABROAL TEMPORAL POS 2019: TRACTORISTAS, OFICIAL DE 1º E PEÓN. Dentro do POS+ 2019 este concello ten financiamento para desbroces viarios municipais neste ano, con crédito suficiente e con plasmación no anexo de persoal. Tamén se inclúe a contratación de 1 oficial 1ª e 1 peón da construción. O proceso selectivo que se propón é similar ao de anos anteriores.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 4 votos favorables, o seguinte acordo:

1º. Apróbanse as bases de contratación urxente de 4 tractoristas polo sistema de concurso-oposición, tal e como se transcriben no Anexo.

2º. Apróbase a contratación laboral temporal de 1 oficial 1ª e 1 peón de obras públicas, polo período do 15 de maio ata o 31 de outubro de 2019, con xornada de 30 horas semanais e salarios de 950 € e 800 €, respectivamente. A Alcaldía ditará resolución para seleccionar ás persoas contratadas, tendo en conta a situación das bolsas de emprego vixentes.

3º. Proceder á publicación do anuncio de convocatoria urxente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no taboleiro da consistorial.

## ANEXO

### BASES PARA SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 TRACTORISTAS

**1ª. OBXECTO:** É a provisión temporal de 4 prazas de "tractoristas" (oficial 1ª), coas seguintes características:

- XORNADA: 6 horas diarias, en principio de luns a venres; poderá ser continuada ou partida en función das necesidades do servizo.
- DURACION: do 15 de maio ata o 31 de outubro de 2019.
- TAREFAS: desbroce de pistas, terreos e instalacións municipais con tractor dotado de desbrozadora acoplada.
- RETRIBUCIÓN: 950 euros brutos ao mes, no que se inclúen todos os conceptos retributivos, entre outros o prorrateo de pagas extras.

**2ª. REQUISITOS:** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) ser español, ou cidadán de calquera país da Unión Europea.
- b) non padecer defecto o enfermidade física ou psíquica que impida o correcto exercicio das funcións establecidas.
- c) dispoñer do permiso de condución do tipo B (mínimo).
- d) acreditar ter traballado de tractorista coa categoría de oficial de 1ª un mínimo de 2 meses completos, computados en data posterior ao 1-1-2010 (para ser computable a xornada non deberá ser inferior a 20 horas semanais).
- e) no ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.
- f) non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública.
- g) ter pagados os dereitos de exame do proceso, que se establecen en 16 euros.
- h) informe de vida laboral completo e actualizado.

**3ª. INSTANCIAS:** Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª, con



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

prazo dende o día 22 de abril ao 3 de maio de 2019, en horario público de 9:00 ás 14:00 horas (rexistro telemático permanente en sede electrónica).

Á instancia axuntárase fotocopia do DNI, así como xustificante do ingreso dos dereitos de exame, fotocopia do permiso de condución e da documentación que xustifique os méritos e requisitos.

**4ª. LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:** O 6-5-2019 a Alcaldía ditará resolución na que se declarará a admisión ou inadmisión de cada aspirante; dita resolución será exposta ao público na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, tendo os interesados un prazo de 2 días naturais para reclamar por escrito (ata o 8-5-2019, ás 14:00 horas). Con data do 8-5-2019 ditarase resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos; no caso de non presentarse reclamación a lista inicial converterase en definitiva de xeito automático.

**5ª. SELECCIÓN:** O día **9 de maio** de 2019 constituirase o tribunal calificador para realizar os seguintes cometidos do proceso:

- a) valorar os méritos alegados de acordo coa base 6ª.
- b) realizar unhas probas a todos os aspirantes admitidos, ás 9:30 horas de acordo coa base 7ª, á cal quedan convocados os mesmos coa mera presentación da instancia.

**6ª. TRIBUNAL:** O Tribunal calificador estará composto polas seguintes persoas, con voz e voto:

- Presidente: Alejandro Alonso Figueroa, secretario-interventor do Concello de Irixoa e licenciado en dereito.
- Vogal: Juan Amado Cachaza, persoal do Concello de Vilarmaior; ou un outro empregado cualificado dos concellos da comarca, designado pola Alcaldía do Concello de Irixoa, no suposto de imposibilidade do anterior.
- Secretario: José Fernando Espada Orgeira, funcionario do Concello de Irixoa.

Suplentes: Ramiro Cal López, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (presidente); Mª. Isabel Bouzón López, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (vogal) e Francisco Couceiro Faraldo, traballador social do Concello de Irixoa (secretario).

**7ª. MERITOS:** Consideraranse como méritos valorables os seguintes:

- a) méritos apreciables polo tribunal (traballos de encargado, cursiños relacionados co traballo, permisos de conducir adicionais, etc.): ata 1 punto.
- b) experiencia laboral en traballos similares de desbroce e condución de tractores posterior ao 1-1-2010: ata 2 puntos, con 0,1 pto. máximo por mes completo, a valorar polo tribunal.
- c) experiencia laboral en posto similar nos concellos de Irixoa ou limítrofes posterior ao 1-1-2010: ata un máximo de 3 puntos, con 0,2 puntos por mes.
- d) residencia e coñecemento do territorio municipal (acreditarse cun empadramento cunha antigüidade mínima de 1 ano, ou noutro caso na proba escrita): 1 punto.

Nos apartados *b* e *c* a valoración será por xornada completa; cando a experiencia sexa por xornada parcial o cómputo realizarase calculando proporcionalmente o tempo correspondente reconvertido á xornada completa.

**8ª. PROBAS:** Os aspirantes admitidos someteranse obrigatoriamente ás seguintes probas:



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- unha proba escrita tipo test de 20 preguntas, cunha duración máxima de 20 minutos, sobre dos aspectos teórico-prácticos e organizativos do traballo a desenrolar, con puntuación máxima de 5 puntos. As respostas incorrectas terán unha penalización de 0,10 puntos. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2 puntos. Os aspirantes que non conten coa residencia acreditativa do coñecemento do territorio terán a opción potestativa para completar unha pequena proba test adicional deste tema, a configurar polo tribunal cunha duración máxima de 5 minutos e unha puntuación máxima de 1 punto.
- unha proba práctica que determinará o tribunal, versando sobre cometidos manuais do posto, na que se valorará a idoneidade e destreza dos aspirantes coa maquinaria, con puntuación máxima de 5 puntos. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2 puntos.

O tribunal, en función da idoneidade de cada aspirante, fará proposta de contratación para os 4 que, superando as probas, obtiveran as maiores puntuacións no conxunto do proceso (méritos + probas), así como de designación de 2 suplentes para quen obtiveran as quinta e sexta mellor puntuación, a efectos de incidencias e suplencias. En caso de empate será seleccionado o aspirante que obteña maior puntuación na proba práctica, e se persiste a igualdade desempatará a realización dun sorteo. As reclamacións contra as valoracións do tribunal poderán dirixirse a este, sen prexuízo da vía dos recursos, ata o día 13-5-2019 ás 14:00 horas.

**9ª. CONTRATO:** O día 14-5-2019 a Alcaldía ditará resolución co resultado do proceso selectivo, que se expoñerá na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios. O concello, representado polo alcalde, e as persoas seleccionadas asinarán os pertinentes contratos laborais, fixándose un período de proba de 15 días. Na resolución seleccionárase tamén suplentes para cubrir calquera eventualidade no servizo.

**10ª. RECURSOS:** contra as bases poderán interpoñerse o recurso de reposición (1 mes) e o contencioso-administrativo (2 meses).

ACORDO XGL 12-4-2019